

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA INSTRUMENTAR A ACHEGA DE GALICIA AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

REUNIDOS

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 60/2022, do 16 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº94, do 16 de maio), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 58/2022, do 16 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a citada Axencia e apróbanse os seus estatutos.

PATRICIA ARGEREY VILAR, Presidenta do Padroado da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en adiante, Fundación CESGA), actuando en nome e representación desta entidade, en virtude do disposto no artigo 12 da Modificación de Estatutos da Fundación, segundo consta en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia Manuel Remuñán López, o día 11 de xullo de 2013 co número 1263 do seu protocolo e rexistrada no Rexistro de Fundacións de Interese Galego o 6 de agosto de 2013.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o



Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

D. MANUEL REIGOSA ROGER, Reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO) que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117, de 20 de xuño de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

D. JULIO E. ABALDE ALONSO, Reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 5/2020 de 9 de xaneiro de 2020, publicado no DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2020 do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 101/2004, de 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de Outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

Que as partes que interveñen subscribiron, con data 29 de xuño de 2022, un convenio co obxecto de establecer as condicións de participación da Fundación CESGA, a USC, a UVIGO e a UDC no programa complementario de Comunicación Cuántica concedido á Comunidade Autónoma de Galicia polo MICIN conforme ao establecido no Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación (CPCTI) do 8 de novembro de 2021, no Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a realización de catro programas para a implementación dos Plans Complementarios de I+D+I coas comunidades autónomas, que forman parte do compoñente 17 do do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e na Orde da Ministra de Ciencia e



Innovación do 22 de decembro 2021 pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no citado Real Decreto.

Que no citado convenio establececese que a data límite de finalización do programa de Comunicación Cuántica será o 18 de novembro de 2024, de conformidade co sinalado no Acordo do CPCTI do 8 de novembro de 2021 no que se indica que cada programa terá unha duración máxima de tres anos, contados a partir da publicación do Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2021).

Que o Acordo do CPCTI do 22 de xuño de 2022, ademais de incorporar á Comunitat Valencia á relación de comunidades autónomas participantes no programa de Comunicación Cuántica (País Vasco, Galicia, Cataluña, Madrid e Castilla León) e a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, establece que o programa deberá finalizar antes do 30 de setembro de 2025 modificando así a data establecida no Acordo do CPCTI do 8 de novembro de 2021.

Que na reunión da comisión de seguimento e coordinación do convenio celebrada o 6 de marzo de 2023, a Fundación CESGA, a USC, a UVIGO e a UDC expuxeron a necesidade de aumentar o período de execución das actividades do programa recollido no convenio co fin de harmonizar e coordinar adecuadamente o desenvolvemento do programa entre todas as comunidades autónomas e o CSIC e en base ao establecido no Acordo do CPTI do 22 de xuño de 2022. Así mesmo, expuxeron a necesidade de ampliar a definición dos gastos elixibles do convenio en relación á adquisición de equipamento de segunda man e ao método de cálculo dos custos indirectos para un mellor desenvolvemento das actividades previstas no mesmo.

Que a comisión de seguimento e coordinación do convenio, mostra a súa conformidade cos cambios propostos e propón a tramitación dunha addenda para a modificación parcial do convenio ao seu respecto.

Polo exposto, as partes:

ACORDAN

Primeiro.-

Formalizar a presente addenda ao convenio do 29 de xuño de 2022, a fin de modificar as cláusulas segunda (táboa), terceira, sexta (punto 9, apartados c) e f)), sétima (táboa) e décimo



quinta, nas que se fai referencia a distribución anual da achega de GAIN, a tipoloxía de gastos elixibles, ao calendario de execución do investimento, aos prazos de presentación da documentación xustificativa e a vixencia, sen ningunha outra modificación.

Segundo.-

Modificar as cláusulas segunda (táboa), terceira, sexta (punto 9, apartados c) e f)), sétima (táboa) e décimo quinta do convenio, que quedan redactados da seguinte forma:

“SEGUNDA.- Achega de GAIN con fondos propios

A táboa da cláusula segunda modifícase da seguinte forma:

Tipo de Fondos	Entidade	Aplicación Orzamentaria	2022	2023	2024	2025	TOTAL
FCA	CESGA	05.A2.561A.743.05	22.495,00 €	69.699,00 €	209.272,00 €	226.658,00 €	528.124,00 €
	USC	05.A2.561A.744.0		88.839,07 €	5.245,93 €	900,00 €	94.985,00 €
	UVIGO	05.A2.561A.744.0	13.070,00€	1.745.441,00 €	592.196,00 €	384.441,00 €	2.735.148,00 €
	UDC	05.A2.561A.744.0		41.968,48 €	8.872,52 €		50.841,00 €
	TOTAL		35.565,00 €	1.945.947,55 €	815.586,45 €	611.999,00 €	3.409.098,00 €

TERCEIRA.- Gastos elixibles para actividades financiadas con cargo aos fondos propios de GAIN

A cláusula terceira modifícase da seguinte forma:

Conforme ao disposto no punto sexto do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación do 8 de novembro de 2021, os gastos elixibles con cargo as achegas das comunidades autónomas conlevan as seguintes particularidades:

- Poderanse imputar como gastos de persoal a contratación nova de persoal temporal, os custos de persoal indefinido para actividades de I+D+i directamente relacionadas coa execución do Programa, así como os custos de persoal funcionario, laboral fixo e estatutario segundo o define o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sempre que se poida acreditar documentalmente a súa dedicación ao programa.
- A imputación de gastos de equipamento non está limitada á adquisición de equipamento novo e poderá incluír custos de amortización de equipamento estritamente relacionado coa



execución do Programa e acreditados por un sistema de seguimento e imputación de horas. Tamén será financiável a adquisición de equipamento de segunda man.

Os custos de adquisición de bens de equipo de segunda man serán subvencionables sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que os mesmos non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e
 - b) Que o prezo non sexa superior ao valor de mercado de referencia nin ao custo dos bens novos similares, acreditándose estes extremos mediante certificación de taxador independente.
- A imputación doutros gastos está limitada a gastos non recorrentes e estritamente relacionados coa execución do Programa que non se corresponden a custos de persoal e equipamento incluíndo, entre outros, custos de funxible, custos de viaxe e aloxamento, servizos tecnolóxicos externos e subcontratacións, sempre que estean vinculadas á actuación financiada e dentro da porcentaxe establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Non se poderán imputar custos financeiros nin impostos indirectos, tales como o Imposto sobre o Valor Engadido e o Imposto Xeral Indirecto Canario, pero coa excepción da parte non recuperable dos impostos indirectos que se teñan imputado, e xustificado debidamente, a axudas relacionadas cos Programas con cargo a fondos rexionais da Unión Europea.
 - Custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos cales se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza. O custo imputable por este concepto será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe de ata o quince por cento (15%) da suma dos custos directos debidamente xustificadas.

No **Anexo II** establececese a previsión de distribución dos fondos propios de GAIN entre os diferentes conceptos de gasto previstos.



As entidades beneficiarias deberán dispoñer dos mecanismos adecuados que permitan verificar que non se produce o dobre financiamento e permitan dispoñer de pistas de auditoría apropiadas e separadas para os gastos financiados cos fondos propios de GAIN e co MRR.

SEXTA.- Xustificación

Os apartados c) e f) do punto 9 da cláusula sexta modifícanse da seguinte forma:

c) Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do programa, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación prevista no convenio para os anos 2022, 2023 e 2024, o importe considerárase xustificado coa presentación da citada declaración quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 29 de setembro de 2025, conforme ao indicado na cláusula seguinte.

f) Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación para os anos 2022, 2023 e 2024, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 29 de setembro de 2025, conforme ao indicado na cláusula seguinte.

SÉTIMA.- Prazos de realización de gastos/pagamentos e de xustificación da axuda

A táboa da cláusula sétima modifícase da seguinte forma:



ORZAMENTO TOTAL ELIXIBLE /AXUDA GAIN	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	TOTAL
Fundación CESGA	22.495,00 €	69.699,00 €	209.272,00 €	226.658,00 €	528.124,00 €
USC		88.839,07 €	5.245,93 €	900,00 €	94.985,00 €
UVIGO	13.070,00€	1.745.441,00 €	592.196,00 €	384.441,00 €	2.735.148,00 €
UDC		41.968,48 €	8.872,52 €		50.841,00 €
TOTAL	35.565,00 €	1.945.947,55 €	815.586,45 €	611.999,00 €	3.409.098,00 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2022 - 31/10/2022	01/11/2022 - 31/10/2023	01/11/2023 - 31/10/2024	01/11/2024 – 29/09/2025	
Data límite presentación documentación xustificativa	07/11/2022	10/11/2023	10/11/2024	10/10/25	

DÉCIMO QUINTA .- Vixencia

A cláusula décimo quinta modifícase da seguinte forma:

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que o período para a realización das actividades obxecto de mesmo sexa do 1 de xaneiro de 2022 ao 29 de setembro de 2025, como se indica na cláusula sétima.”

E en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente Convenio, na data indicada na marxe.

Pola Axencia Galega de Innovación
Francisco José Conde López

Pola Fundación CESGA
Patricia Argerey Vilar

Pola Universidade de Santiago de Compostela
Antonio López Díaz

Pola Universidade de Vigo
Manuel Reigosa Roger

Pola Universidade da Coruña
Julio E. Abalde Alonso

